



DEPUTACIÓN  
OURENSE

## INFORME

Área intervención

Nº ref.: 03/12/2012

(MLD/mmv)

**Asunto: Análise do cumprimento en orzamento inicial da estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do teito de gasto no exercicio 2013**

D<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz, Interventora da Excm. Deputación Provincial de Ourense, de acordo co art.16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RDEP), emite o seguinte informe:

### 1.- Normativa aplicable

- Constitución Española de 1978
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira.
- Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

### 2.- Introducción

A Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira (en adiante LOEOSF) ten como obxecto o establecemento dos principios reitores, que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público orientada á estabilidade orzamentaria e á sosteñibilidade financeira, como garantía do



crecemento económico sostido e a creación de emprego, en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución Española (reformado en setembro do 2011)<sup>o</sup>. Este artigo sinala expresamente:

1. *Todas las Administraciones Públicas adecuarán sus actuaciones al principio de estabilidad presupuestaria.*
2. *El Estado y las Comunidades Autónomas no podrán incurrir en un déficit estructural que supere los márgenes establecidos, en su caso, por la Unión Europea para sus Estados Miembros.*

*Una Ley Orgánica fijará el déficit estructural máximo permitido al Estado y a las Comunidades Autónomas, en relación con su producto interior bruto. Las Entidades Locales deberán presentar equilibrio presupuestario.*

...

Según o art. 3<sup>o</sup>-da LO 2/2012 “*la elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito subjetivo de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, coherente con la normativa europea*”

A LOEOSF define o principio de estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural e establece que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.

Ademais do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, a LOEOSF esixe o cumprimento da **Regra do Gasto** e o principio de sosteñibilidade financeira, referida esta última ao volume de débeda pública.

No que se refire á regra de gasto, o artigo 12 sinala que a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. Enténdese por gasto computable os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiación.

En canto ao principio de sosteñibilidade financeira, o artigo 13 da LOEOSF establece o seguinte: 1. *El volumen de deuda pública, definida de acuerdo con el Protocolo sobre Procedimiento de déficit*



*excesivo, del conjunto de Administraciones Públicas no podrá superar el 60 por ciento del Producto Interior Bruto nacional expresado en términos nominales, o el que se establezca por la normativa europea.*

*Este límite se distribuirá de acuerdo con los siguientes porcentajes, expresados en términos nominales del Producto Interior Bruto nacional: 44 por ciento para la Administración Central, 13 por ciento para el conjunto de las Comunidades Autónomas y 3 por ciento para el conjunto de las Corporaciones Locales. ....*

*2. La Administración Pública que supere su límite de deuda pública no podrá realizar operaciones de endeudamiento neto.*

.....

*5. La autorización del Estado, o en su caso de las Comunidades Autónomas, a las Corporaciones Locales para realizar operaciones de crédito y emisiones de deuda, en cumplimiento de lo establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, tendrá en cuenta el cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública, así como el cumplimiento de los principios y las obligaciones que se derivan de la aplicación de esta Ley.*

No proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2013, actualmente en tramitación nas Cortes Xerais, vaise a introducir unha enmenda de adición a través da cal se regula o réxime de endebedamento das Corporacións Locais para o ano 2013, segundo a circular do Ministerio de Economía e Facenda do 19 de novembro de 2012.

No primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, o artigo 21 da LOEOSF senta a obriga de que a administración incumpridora formule un plan económico financeiro que permita nun ano o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo. O plan económico financeiro elaborado deberá ser presentado ante o Pleno da Corporación no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento, aprobado no prazo máximo de dous meses



dende a súa presentación, e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

O Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais estableceu (artigo 16.2) que “...a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

*O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.*

*O Interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.*

*Así mesmo, a Intervención da entidade local elevará ao Pleno informe sobre os estados financeiros, unha vez aprobados polo órgano competente, de cada unha das entidades dependentes do artigo 4.2 do presente regulamento.*

*Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno.”*

Para dar cumprimento ao disposto na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria determináronse os obxectivos de estabilidade orzamentaria para as distintas Administracións Públicas, en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95), para o período 2011-2013 que se conteñen na normativa reguladora da Estabilidade Orzamentaria, que se materializou a través do Acordo do Consello de Ministros de 16/6/2010, tal como dispón o artigo 8 da citada Lei xeral de Estabilidade Orzamentaria. O obxectivo para as Deputacións Provinciais de réxime común consiste en obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro ou, por dicilo doutro xeito, que o resultado do indicador capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento para as Entidades Locais sexa 0,0 en cada anualidade do período considerado.



Canto se expuxo permite formular unha primeira consideración, que se refire á necesidade de avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade Orzamentaria con motivo da aprobación do Orzamento, das Modificacións de Créditos que consistan en créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e da Liquidación do Orzamento das Entidades Locais. Unha segunda consideración, vinculada á expresada, implica interpretar que corresponde aos Servizos da Intervención Local informar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao tramitarse o Orzamento, as Modificacións daquel relativas a Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e a súa liquidación.

A tal fin elaborouse, pola Intervención Xeral da Administración do Estado o “Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais” (1ª Edición). Á vista do contido do devandito Manual é necesario efectuar as seguintes consideracións previas:

1ª) Da información documental dispoñible na Intervención Provincial dedúcese que forma parte da “Unidade Institucional” Deputación Provincial de Ourense como entidade dependente, o Organismo Autónomo Local de natureza administrativa: INORDE (Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico), o cal está previsto no art. 2.1c) do RDEP e no ámbito do art. 4.1 da mesma disposición.

2ª) Faise necesario, por tanto, avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para cada unha das Entidades citadas e polo conxunto adecuadamente consolidado.

### **3.- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria para a Deputación Provincial de Ourense con motivo da aprobación do orzamento do exercicio 2013**

Para a Deputación e o seu Organismo autónomo, imos distinguir as operacións non financeiras e as financeiras, conxuntos que miden a capacidade ou necesidade de financiamento en termos da normativa de estabilidade orzamentaria. Os resultados numéricos son os seguintes:

Operacións non financeiras. Capítulos.	Deputación €	INORDE €	Operacións	Consolidado €
--	--------------	----------	------------	---------------

			internas €	
<b>Ingresos correntes.</b>				
1. Impostos directos	2.500.000,00	---	---	2.500.000,00
3. Taxas, prezos pub.e outros	5.766.259,14	44.800,00	---	5.811.059,14
4. Transferencias correntes	55.096.583,35	1.091.163,88	-1.000.000,00	55.187.747,23
5. Ingresos patrimoniais	292.262,75	31.000,00	---	323.262,75
<b>Total recursos correntes (1)</b>	<b>63.655.105,24</b>	<b>1.166.963,88</b>	<b>-1.000.000,00</b>	<b>63.822.069,12</b>
<b>Gastos correntes</b>				
1. Gastos de persoal	27.814.622,96	860.563,88	---	28.675.186,84
2. Gastos corr. bens e servizos	15.270.249,97	303.400,00	---	15.573.649,97
3. Gastos financeiros.	1.806.424,56	-----	---	1.806.424,56
4. Transferencias correntes	5.046.000,00	-----	-1.000.000,00	4.046.000,00
<b>Total destinos correntes (2)</b>	<b>49.937.297,49</b>	<b>1.163.963,88</b>	<b>-1.000.000,00</b>	<b>50.101.261,37</b>
<b>AFORRO BRUTO (1-2)</b>	<b>13.717.807,75</b>	<b>3.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>13.720.807,75</b>
<b>Ingresos de capital</b>				
6. Aleam. investimentos reais	51.000,00	---	---	51.000,00
7. Transferencias de capital	2.300.894,76	----	----	2.300.894,76
<b>Total recursos de capital (3)</b>	<b>2.351.894,76</b>	<b>----</b>	<b>----</b>	<b>2.351.894,76</b>
<b>Gastos de capital</b>				
6. Investimentos reais	10.041.174,97	3.000,00	---	10.044.174,97
7. Transferencias de capital	877.058,29	---	----	877.058,29
<b>Total destinos de capital (4)</b>	<b>10.918.233,26</b>	<b>3.000,00</b>	<b>----</b>	<b>10.921.233,26</b>
<b>CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO (1+3-2-4)</b>	<b>5.151.469,25</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>5.151.469,25</b>
<b>Operacións financeiras. Capítulos</b>				
<b>Ingresos financeiros</b>				
8. Activos financeiros	300.000,00	---	----	300.000,00
9. Pasivos financeiros	0,00	---	---	0,00
<b>Total recursos financ. (5)</b>	<b>300.000,00</b>	<b>---</b>	<b>---</b>	<b>300.000,00</b>
<b>Gastos financeiros</b>				
8. Activos financeiros	300.000,00	----	---	300.000,00



9.Pasivos financeiros	5.151.469,25	---	----	5.151.469,25
<b>Total destinos financ. (6)</b>	<b>5.451.469,25</b>	----	-----	<b>5.451.469,25</b>
<b>RESULTADO (+/-) FINANCIERO (6-5)</b>	<b>5.151.469,25</b>	-----	-----	<b>5.151.469,25</b>

O cálculo da capacidade/necesidade de financiación nos entes sometidos ao orzamento obtense de dúas formas:

- Saldo orzamentario financeiro, pola diferenza da adquisición neta de activos e pasivos financeiros, debidamente axustados aos criterios do SEC 95 (Cap 8 de gastos – Cap 8 ingresos) – (Cap 9 ingresos – Cap 9 gastos) = + (capacidade) / - (necesidade).
- Saldo orzamentario non financeiro, pola diferenza entre os importes orzamentados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos. Cap 1 ao 7 Ingresos – Cap 1 ao 7 de gastos = + (capacidade) / - (necesidade)

Da comparación das previsións dos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos, e dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos da Deputación, resulta un superávit orzamentario de 5.151.469,25, en termos de capacidade de financiación, mesmo importe que resulta da comparación dos capítulos 8 e 9 do orzamento e polo tanto, enténdese cumprido o obxectivo de estabilidade orzamentaria. Ao tratarse de previsións de ingresos e gastos non se realizará ningún axuste para a adaptación dos datos ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC95).

A financiación dispoñible permite, en consecuencia, un marxe de 5.151.469,25 euros, do que se deduce o cumprimento por parte desta Diputación do obxectivo de estabilidade orzamentaria concretado a través do déficit "cero" para os Orzamentos das Corporacións Locais durante o período 2011- 2013, que se conteñen na normativa reguladora da Estabilidade Orzamentaria, materializada a través do Acordo do Consello de Ministros do 16/6/2010.

O INORDE ten un absoluto equilibrio non financeiro, polo que tamén cumpriría o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

De canto antecede, e da información contida nos expedientes administrativos dos orzamentos do exercicio 2013, conclúese que cada unha das Entidades que integran a Unidade

Institucional da Deputación Provincial de Ourense cumpren o obxectivo de estabilidade orzamentaria, individualmente e no conxunto consolidado.

#### 4.- Verificación do cumprimento do plan económico financeiro 2011-2013

Respecto do plan económico financeiro aprobado polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense en data 26 de febreiro de 2010 con motivo do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na aprobación dos orzamentos para o exercicio 2010, analízase de seguido o cumprimento do citado plan, que na súa aprobación se refería á Deputación Provincial e non aos Organismos Autónomos, que como ocorría na aprobación do plan e se verificou anteriormente seguen estando en situación de equilibrio.

Capítulos de ingresos	Previsións PEF 2013(€)	Orzamento 2013(€)
1. Impostos directos	2.800.000,00	2.500.000,00
3. Taxas, prezos pub.e outros	4.000.000,00	5.766.259,14
4. Transferencias correntes	60.000.000,00	55.096.583,35
5. Ingresos patrimoniais	800.000,00	292.262,75
6. Allean. investimentos reais	3.000,00	51.000,00
7. Transferencias de capital	10.000.000,00	2.300.894,76
8. Activos financeiros	300.000,00	300.000,00
9. Pasivos financeiros	4.000.000,00	0,00
<b>Capítulos de gastos</b>		
1. Gastos de persoal	29.500.000,00	27.814.622,96
2. Gastos corr. bens e servizos	15.900.000,00	15.270.249,97
3. Gastos financeiros.	2.000.000,00	1.806.424,56
4. Transferencias correntes	9.000.000,00	5.046.000,00
6. Investimentos reais	19.903.000,00	10.041.174,97
7. Transferencias de capital	1.300.000,00	877.058,29
8. Activos financeiros	300.000,00	300.000,00
9. Pasivos financeiros	4.000.000,00	5.151.469,25
<b>Total en ingresos e gastos</b>	<b>81.903.000,00</b>	<b>66.307.000,00</b>





Os capítulos 1, 4 e 5 do estado de ingresos figuran nas previsións do orzamento para o exercicio 2013 cunhas cifras mínimamente inferiores ás previstas no plan económico financeiro (PEF) debido a un reaxuste nas previsións de ingresos á baixa como consecuencia da situación económica xeral.

O capítulo 7 de transferencias de capital vese minguado notablemente polo remate dos proxectos de maior importe executados con financiamento europeo, e dado que nestas datas non temos confirmación da contía dos proxectos que se executarán a partir do próximo exercicio 2013.

Para rematar co estado de ingresos, deixamos constancia de que a pesar de que no PEF se prevía un préstamo de 4.000.000 de euros a concertar no exercicio 2013, finalmente, en previsión das disposicións legais en vigor, non se contempla a previsión de empréstito algún a longo prazo, o que provoca directamente nesta aprobación do orzamento unha situación de equilibrio.

Analizando a continuación o estado de gastos debemos sinalar que o capítulo 1, cunha diminución de case 2 millóns de euros, mantense dentro do obxectivo xeral de non superar os trinta millóns de euros, como se fixou no seu día no PEF.

As consignacións orzamentarias dos capítulos 2, 3, 4, 6 e 7 do estados de gastos atópanse por debaixo das previsións do PEF, sendo importante facer especial mención á diminución do capítulo 4 de transferencias correntes en catro millóns de euros.

O capítulo 9 incrementase en pouco máis dun millón de euros respecto ao PEF debido á concertación no exercicio 2012 dunha liña de crédito extraordinaria instrumentada polo Instituto de Crédito Oficial para dar cumprimento ás obrigas comerciais da Deputación Provincial, tal e como se explica no informe económico financeiro que acompaña ao Orzamento para o exercicio 2013.

En conclusión e en base aos datos expostos, esta intervención informa que na aprobación do orzamento da entidade supéranse os obxectivos marcados no plan económico financeiro aprobado pola corporación o 26 de febreiro de 2010.

## **5. Análise do cumprimento da regra de gasto.**



No primeiro apartado deste informe fíxose xa referencia a unha das esixencias relativas á contención do gasto, contida no artigo 12 da LOEOSF, onde se esixe tamén ás Entidades Locais que a variación do gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

En concreto, o 21 de xullo de 2012, o Goberno elevou ao Congreso, xunto aos obxectivos de déficit público (0%) e de débeda pública (3,8% do PIB) para o período 2013-2015, a regra de gasto para os orzamentos de 2013, 2014 e 2015, isto é, 1,7%, 1,7% e 2% respectivamente.

Os acordos citados foron aprobados polo Congreso o 24 de xullo de 2012, e Senado o 26 de xullo de 2012.

O orzamento marcaría o obxectivo e compromiso da Corporación sobre o cumprimento da regra de gasto e a liquidación indicaranos finalmente o cumprimento ou non da regra de gasto. Partindo do apartado 2 do artigo 12 da Lei onde se determina o volume de gasto computable para determinar a regra do gasto, debemos ter en conta as seguintes consideracións para o cálculo:

- a) Pártese das previsións de 2012 axustadas (as estimacións axustadas do Informe de cumprimento do obxectivo de estabilidade do orzamento de 2012). Estase á espera de que se emita unha circular por parte da IGAE.
- b) Excluir os intereses da débeda.
- c) Gasto financiado con fondos finalistas: excluir no cálculo o importe dos capítulos 4 e 7 de ingresos deducidos os conceptos 420, 470, 480, 720, 770,780.
- d) Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos nos que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.

Tendo en conta as consideracións citadas e os cadros adxuntos, obtemos que a regra de gasto obtida se sitúa en **56.843.329,60 euros**. Os orzamentos do exercicio 2013 cumpren coa regra de gasto.

## **6. Límite de gasto non financeiro: Teito de gasto.**



O artigo 30 da LOEOSF esixe ás entidades locais a mesma obriga que a Unión Europea ven esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

Neste sentido establece que as entidades locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria (0% de déficit para 2013-2015) e a regra de gasto (1,7 %, 1,7% y 2% respectivamente, segundo acordo aprobado polo Congreso o 24 de xullo de 2012), que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Para o cálculo do teito de gasto debemos partir dos ingresos non financeiros para 2013, en termos consolidados. A primeira comprobación é comparar se as previsións de gastos non financeiros en termos de gasto computable (quitando capítulo 3 e gastos financiados por administracións) non supera o gasto computable de referencia (Base ano 2012, que inclúe o 1,7 % e o incremento ou diminución de ingresos por efecto dos cambios normativos para 2013 para este cálculo). Pois ben, como podemos ver nos cadros adxuntos, o gasto computable de referencia, 56.843.329,60 € ( [Cap 1 a 7 créditos axustados gastos 2012 – Cap 3 créd.ax.gtos 2012 – gastos financiados por administracións 2012] \* (100+1,7 /100) + aumento/diminución recadación normativa ) é superior ao gasto computable do exercicio 2013, que suma un total de 51.077.428,08 € ( [Cap 1 a 7 créditos axustados gastos 2013 – Cap 3 créd.ax.gtos 2013 – gastos financiados por administracións 2013]

A segunda comprobación ou cálculo, partindo da regra de gasto de referencia, sumar a previsión do capítulo 3 de 2013 e a financiación procedente de administracións prevista para 2013. A regra de gasto de referencia, como xa dixemos, ascende a 56.843.329,60 €, as previsións do capítulo 3 de 2013 suman 1.806.424,56 €, a financiación procedente de administracións para 2013 é de 7.638.641,99 € e a esto réstaselle os posibles axustes SEC a efectuar en 2013, 500.000 euros, que corresponden a un axuste negativo pola diferenza entre o saldo inicial e final da conta 413 de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento. Por tanto, o **límite de gasto non financeiro partindo da regra de gasto é de 66.788.396,15 euros.**



A terceira comprobación é o cumprimento do obxectivo de estabilidade en termos SEC-95: determinar se ten capacidade ou necesidade de financiación. No cadro adxunto de estabilidade orzamentaria vemos que no orzamento de 2013 existe capacidade de financiación por importe de 5.450.189,36 euros, importe que non coincide exactamente co analizado no punto tres deste informe, xa que agora estanse tendo en conta os posibles axustes do SEC a realizar no exercicio 2013. Os axustes do SEC realizados ás previsións iniciais de ingresos do exercicio 2013 calcúlanse como un porcentaxe dos axustes xa realizados na liquidación de 2011 aos capítulos 1 a 3 de ingresos, por diferenza entre os ingresos recaudados totais (exercicio corrente e exercicios pechados) e os dereitos recoñecidos netos, para o cal se adxunta tamén a táboa de liquidación do exercicio 2011.

Dito esto, o cálculo do **límite de gasto non financeiro coherente o obxectivo de estabilidade orzamentaria é de 66.472.683,99 €**, resultante de restar á suma dos capítulos 1 a 7 de ingresos axustados de 2013 os axustes do SEC previstos en gastos no 2013.

O **teito de gastos** non financeiros é o menor dos dous importes determinados: o de cumprimento de estabilidade orzamentaria e o de cumprimento da regra do gasto. Polo tanto, o límite máximo de gasto non financeiro da Deputación Provincial de Ourense ascende a 66.472.683,99 euros. Dado que os gastos non financeiros do orzamento do exercicio 2013 ascenden a 61.022.494,63 euros, esta Entidade Local cumpre co límite de gasto non financeiro previsto no artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira.

**A) Orzamento Inicial 2013**

capítulo	Estado de Gastos	2012	2013	2013	2013
		Cred. Axustados (1)	Cred. Iniciales (2)	Axustes	Cred. Axustados
1	Persoal	30.258.607,28	28.675.186,84		28.675.186,84
2	Bens Correntes e Servizos	16.967.748,88	15.573.649,97	-500.000,00	15.073.649,97
3	Gastos financeiros	1.979.804,11	1.806.424,56		1.806.424,56
4	Transferencias Correntes	3.851.128,48	4.046.000,00		4.046.000,00
6	Inversións reais	12.314.642,09	10.044.174,97		10.044.174,97
7	Transferencias de Capital	1.084.397,00	877.058,29		877.058,29
8	Variación Activos Financeiros	300.000,00	300.000,00		300.000,00
9	Variación Pasivos Financeiros	4.402.662,89	5.151.469,25		5.151.469,25
		71.158.990,73	66.473.963,88	-500.000,00	

capítulo	Estado de Ingresos	2012	2013	2013	2013
		Prev. Axustadas (1)	Prev. Iniciales (2)	Axustes	Prev. Axustadas
1	Impostos directos	3.118.617,43	2.500.000,00	618.617,43	3.118.617,43
2	Impostos indirectos	0,00	0,00	0,00	0,00
3	Taxas e outros ingresos	4.430.424,18	5.311.059,14	-819.897,32	4.991.161,82
4	Transferencias correntes	56.797.618,97	55.187.747,23		55.187.747,23
5	Ingresos patrimoniais	552.262,75	323.262,75		323.262,75
6	Alleamento Inversións	3.000,00	51.000,00		51.000,00
7	Transferencias capital	5.847.899,79	2.300.894,76		2.300.894,76
8	Variación activos financeiros	300.000,00	300.000,00		300.000,00
9	Variación pasivos financeiros	0,00	0,00		0,00
		71049823,12	66.473.963,88	-201.279,89	

CÁLCULO AXUSTES INGRESOS CRITERIO CAIXA 2013				
Capítulos Ingr	Previsto	Recaudado	% Rec/Prev	% Axuste
Cap 1	2.600.000,00	3.243.362,13	1,25	-0,25
Cap 2	0,00	0,00	0	0
Cap 3	3.745.512,10	3.217.048,14	0,86	0,14
Axuste realizados s/ base dos datos da liquidación exercicio				2011

**CALCULO DA REGRA DE GASTO E DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO:**

Para determinar os gastos financiados por Administracións:

Particip. Trib. Estado	2012	54.062.141,15
Particip. Trib. Estado	2013	49.850.000,00

LÍMITE GASTO COMPUTABLE	2013	GASTO COMPUTABLE ORZAMENTO	2013
Límite Gasto Computable: REGRA DE GASTO	56.843.329,60	Gasto computable	2013 51.077.428,08
Gastos Financiados por Administracións	8.583.377,61	Gastos Financiados por Administracións	7.638.641,99
Aumentos/ dismin. Recaudación por normativa	0,00		
Tasa referencia Crecemento do PIB 2013	1,7		

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA		
Ingresos non financeiros =		65.972.683,99
Gastos non financeiros =		60.522.494,63
Necesid/Capacidad financiación		5.450.189,36

LÍM. GASTO NON FINANCEIRO(S)	66.472.683,99
Límite Gasto non financ / partindo de Regra de Gasto	66.788.396,15
Límite Gasto non financ /Cálculos Estabilidade orzamentaria.	66.472.683,99
Gastos non financeiros orzamento exercicio	61.022.494,63

**B) Orzamento Exercicio Actual: Previsións, modificacións crédito e execución trimestral ( art. 18 LOEOSF)**

capítulo	Estado de Gastos	Creditos (3)	Axustes	Creditos axusti.
1	Persoal	30.258.607,28		30.258.607,28
2	Bens Correntes e Servizos	16.967.748,88		16.967.748,88
3	Gastos financeiros	1.979.804,11		1.979.804,11
4	Transferencias Correntes	3.851.128,48		3.851.128,48
6	Inversións reais	12.314.642,09		12.314.642,09
7	Transferencias de Capital	1.084.397,00		1.084.397,00
8	Variación Activos Financeiros	300.000,00		300.000,00
9	Variación Pasivos Financeiros	4.402.662,89		4.402.662,89
		<b>71.158.990,73</b>		

capítulo	Estado de Ingresos	Previsións (3)	Axustes	Previsións axusti.
1	Impostos directos	2.500.000,00	618.617,43	3.118.617,43
2	Impostos indirectos	0,00	0,00	- 0,00
3	Taxas e outros ingresos	5.158.209,22	-727.785,04	4.430.424,18
4	Transferencias correntes	56.797.618,97		56.797.618,97
5	Ingresos patrimoniais	552.262,75		552.262,75
6	Alleamento Inversións	3.000,00		3.000,00
7	Transferencias capital	5.847.899,79		5.847.899,79
8	Variación activos financeiros	300.000,00		300.000,00
9	Variación pasivos financeiros	0,00		0,00
		<b>71.158.990,73</b>		

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA				
Ingresos non financeiros =				70.749.823,12
Gastos non financeiros =				66.456.327,84
Necesid/Capacid. financiación				4.293.495,28

CALCULO AXUSTE CRITERIO CAIXA INGRESOS				
Capítulos Ingr	Previsto	Recaudado	% Rec/Prev	% Axuste
Cap 1	2600000	3243362,13	1,25	-0,25
Cap 2	0	0	0	0
Cap 3	3745512,1	3217048,14	0,86	0,14
Axuste realizados s/ base dos datos da última liquidación aprobada				

**C) Liquidación orzamento (4)** (última aprobada)

capítulo	Estado de Gastos	Obrigas Rec	Axustes	Obrig axust
1	Personal	32.435.899,43	0,00	32.435.899,43
2	Bienes Corrientes y Servicios	11.177.308,96	2.176.325,44	12.300.982,86
3	Gastos financieros	1.456.726,95	74.037,99	1.530.760,94
4	Transferencias Corrientes	6.454.817,76	0,00	6.454.817,76
6	Inversiones reales	19.266.896,44	0,00	19.266.896,44
7	Transferencias de Capital	859.559,44	0,00	859.559,44
8	Variación Activos Financieros	110.500,00	0,00	110.500,00
9	Variación Pasivos Financieros	4.313.443,09	0,00	4.313.443,09
				77.272.859,96

  

capítulo	Estado de Ingresos	Derechos Rec N	Axustes	Ingresos axust
1	Impuestos directos	2.033.041,74	1.210.320,39	3.243.362,13
2	Impuestos indirectos	0,00	0,00	0,00
3	Tasas y otros ingresos	3.552.814,65	326.657,03	3.226.157,62
4	Transferencias corrientes	61.593.644,34	0,00	61.593.644,34
5	Ingresos patrimoniales	444.943,82	0,00	444.943,82
6	Enajenación Inversiones	1.631,36	0,00	1.631,36
7	Transferencias capital	7.759.791,56	0,00	7.759.791,56
8	Variación activos financieros	144.225,42	0,00	144.225,42
9	Variación pasivos financieros	9.925.763,75	0,00	9.925.763,75
				86.339.520,00

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA			
Ingresos non financeiros =			76.269.530,83
Gastos non financeiros =			72.848.916,87
Necesid/Capacid. financiación			3.420.613,96
Límite Acuerdo CNAL %		4,39	-3.348.232,40

CALCULO AXUSTE CRITERIO CAIXA INGRESOS				
Capítulos Ingr	DR netos	Recaudado	Previsto	Axuste
Cap 1	2.033.041,74	3.243.362,13	2.600.000,00	1.210.320,39
Cap 2	0,00	0,00	0,00	0,00
Cap 3	3.552.814,65	3.217.043,14	3.745.512,10	-335.766,51
Axuste realizados s/ base dos datos da liquidación último exercicio				





Con motivo da rendición da liquidación do exercicio de 2012, de conformidade coa normativa precitada, deberá volverse a entrar na análise do cumprimento do equilibrio financeiro.

O que se pon de manifesto para dar cumprimento ao disposto no apartado 2 do artigo 16 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1.463/2007, de 2 de novembro.

PROVINCIAL Ourense, a 8 de decembro de 2012  
A Interventora  
Mónica Legaspi Díaz

